

Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros. Xuño 2006

COMUNICADO

Descenso do gasto dos viaxeiros que pernoitan en establecementos hoteleiros de Galicia en xuño de 2006 con respecto ao mesmo mes do ano anterior

En xuño de 2006 o gasto total dos viaxeiros que pernoitan en establecementos hoteleiros de tres e máis estrelas de Galicia descendeu, en taxa interanual, nun 1,9%.

Pese ao aumento interanual do 4,2% rexistrado nas pernoitas realizadas en establecementos hoteleiros de tres e mais estrelas, o gasto total dos viaxeiros que pernoitan neste tipo de establecementos descendeu en taxa interanual nun 1,9% en termos correntes, acadando un importe de 45.549,8 miles de euros en xuño de 2006.

Segundo datos da Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros correspondentes a xuño de 2006, o 51,2% deste gasto total é realizado por viaxeiros que pernoitan en establecementos hoteleiros de 4 estrelas, o 38,1% corresponde aos viaxeiros que pernoitan en establecementos hoteleiros de 3 estrelas, mentres que o restante 10,7% é efectuado por viaxeiros que pernoitan en establecementos hoteleiros de 5 estrelas.

O gasto total dos viaxeiros que pernoitan en establecementos hoteleiros de 3 e mais estrelas das provincias de A Coruña e Pontevedra representa o 88,1% do total en xuño de 2006. Do 11,9% restante, o 7,5% e 4,4% corresponde aos viaxeiros que pernoitan en establecementos hoteleiros de Lugo e Ourense respectivamente.

A taxa de variación do gasto total acumulado no que vai de ano sitúase nun 12,8%. O crecemento acumulado é do 15,1% en termos da serie corrixida de efecto calendario.

O gasto diario medio por persoa descende nun 5,9% en xuño de 2006 respecto ao mesmo mes do ano anterior.

O gasto diario medio por persoa situouse en 122,5 euros en xuño de 2006, experimentando un descenso interanual en termos correntes do 5,9%. O gasto diario medio dos viaxeiros que pernoitan en establecementos hoteleiros de cinco estrelas experimentou un crecemento interanual do 33,2%, situándose en 222,2 euros. O realizado por viaxeiros de establecementos hoteleiros de 4 estrelas descendeu en taxa interanual nun 14,2%, situándose en 128,9 euros. O gasto diario medio correspondente aos viaxeiros de establecementos hoteleiros de 3 estrelas descendeu nun 1,3% respecto ao mesmo mes do ano anterior, cun importe de 102,6 euros.


No que vai de ano o gasto diario medio por persoa é de 126,4 euros, cunha variación de -1,4%.

Estadística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros. Xuño 2006. Datos provisionais.

	Dato	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Gasto total (miles de euros)	45.549,8	-1,9%	12,8%
Gasto diario medio por persoa (euros)	122,4	-5,9%	-1,4%
Datos corrixidos de efecto calendario			
Gasto total (miles de euros)	45.549,8	-1,9%	15,1%

FONTE: IGE. Estadística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros

No seguinte gráfico pódese observar a variación interanual do gasto total e do gasto diario medio por persoa dende 1999.



FONTE: IGE. Estadística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
 Complexo Administrativo San Lázaro s/n
 15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
 Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
 FAX: 981.54.13.23
 Comunicados en : <http://www.ige.eu>